

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA

CÓDIGO	
MATERIA	Dramaturxia / Prácticas de escenificación
DISCIPLINA	PRÁCTICAS DE DIRECCIÓN DE ESCENA I
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e dramaturxia
ITINERARIO	Dirección escénica
CURSO	3º (1º cuatrimestre)
CRÉDITOS ECTS	3 (Dramaturxia: 2; Prácticas de escenificación: 1)
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Afonso Becerra / Daniel G. Salgado
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Vanesa Martínez Sotelo Horario titorías: Xoves de 15.00h a 18.00h Despacho: Dirección escénica e dramaturxia Contacto: vanesa.martinez.sotelo@edu.xunta.gal</p> <p>Nome e apelidos: Carmen Labella Rivas Horario titorías: http://www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&tit=Titorias Despacho: Dirección escénica e dramaturxia Contacto: carmenlabella@edu.xunta.es</p>
DESCRIPCIÓN	Integración das linguaxes, procedementos e saberes adquiridos para conseguir transmitir as sensacións, as emocións e o sentido na escenificación. Coñecemento e experimentación dos mecanismos de composición dramática (textual e escénica) dos xéneros. Análise práctica do texto dramático e/ou da partitura dramática segundo as estruturas dramaturxias do discurso. Práctica dos procesos creativos (intervención, translación, transposición e hibridación) na construción do sentido e nos efectos da recepción.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Escenificación I. Escenificación II.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego

2. COMPETENCIAS
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO

T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE

ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA

COMPETENCIAS VINCULADAS

1. Formular e desenvolver a idea dramaturxica dunha peza a escenificar.	T8. T9. X1. X7. ED1. ED5
2. Recoller materiais documentais para o traballo dramaturxico e escénico.	T17. X1. X6. ED5
3. Compoñer a dramaturxia da peza a escenificar.	T13. X3. X5. ED2. ED3
4. Identificar os principios da composición de imaxes no escenario e poñer en práctica as súas posibilidades narrativas.	T8. T13. X3. ED1. ED2. ED5
5. Proxectar as liñas básicas do proxecto de escenificación.	T9. T17. X3. X5. X6. ED1. ED2. ED3

4. CONTIDOS

TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Claves dramaturxicas da escenificación.	1.1 Presupostos e intencións: puntos de partida e de chegada. A escolla do texto. 1.2 Idea central e sentido dramaturxico. Da análise do texto á posta en xogo. 1.3 Documentación e investigación (materiais textuais, visuais e sonoros).	8
2. Caderno de escenificación.	2.1 Proposta dramaturxica. 2.2 Proposta escénica.	6

3. Análise e posta en xogo das estruturas ficcionais.	3.1 Textualidade e situación de enunciación. 3.2 Discurso temático e intriga. Hipóteses de lectura. 3.3 Estructuras narrativas e convencións dramáticas. 3.4 Retórica dos actantes e accesibilidade referencial. 3.5 Estructuras ideolóxicas e libidinais. Lugares de indeterminación. Interpelacións ao receptor.	40
4. Composición escénica.	4.1 Principios compositivos. 4.1.1 Harmonía e contraste. 4.1.2 Desenvolvemento dramático. 4.2 A lectura do espazo escénico. 4.2.1 Segmentación. 4.2.2 Focos de atención	6
TOTAL SESIÓN		60 h

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	4		4
Exposición práctico-teórica	20	5	25
Práctica individual	30	20	50
Práctica colectiva	6		6
Titorías individuais	4		4
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	1		1
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	65	25	90
PORCENTAXE	72%	28%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Exposición práctico-teórica.	Exposición de contidos con exemplos e exercicios prácticos e posterior reflexión dos elementos traballados.
Práctica de análise do texto dramático.	Análise dos constituíntes da peza a escenificar. Análise das estruturas discursivas, narrativas, actanciais e ideolóxicas.
Práctica de composición dramaturxica e escénica	Posta en xogo dos elementos dramaturxicos e escénicos a partir da análise dramaturxica e da hipótese de lectura. Proposta escénica.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do modo máis axeitado.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

8. 1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
-------------------------	------------------------	-------------

Seguimento diario.	T8. T9. T13. T17. X1. X3. X7.	10%
Exercicios parciais de análise.	T8. T9. T13. X5. X6. ED1. ED5	15%
Exercicios parciais de deseño e composición dramaturxica e escénica.	T8. T9. T13. T17. X1. X3. X5. ED1. ED2. ED3.	15%
Exercicio final de análise e composición dramaturxica e escénica. Presentación do Caderno de dramaturxia e escenificación.	T8. T9. T13. T17. X1. X3. X5. X6. X7. ED1. ED2. ED3. ED5.	60%

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Exercicio final de análise e composición dramaturxica e escénica. Presentación do Caderno de dramaturxia e escenificación.	T8. T9. T13. T17. X1. X3. X5. X6. X7. ED1. ED2. ED3. ED5.	100%

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Exame. Exercicio final de análise e composición dramaturxica e escénica que implican os procedementos empregados durante o curso. Presentación do Caderno de dramaturxia e escenificación.	T8. T9. T13. T17. X1. X3. X5. X6. X7. ED1. ED2. ED3. ED5	100%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

- Martínez Paramio, Agapito (2006): *Caderno de Dirección Teatral*, Madrid, Ñaque.
- Pavis, Patrice (2002): "Tesis para el análisis del texto dramático", *GESTOS*, 33, abril, pp. 9-34.
- Pavis, Patrice (2002): *Le théâtre contemporaine. Analyse des textes de Sarraute à Vinaver*, Paris, Armand Colin.
- Vinaver, Michel [19] (2015): "Método para abordar el texto teatral" en VV.AA.: *Antología de teorías teatrales. El aporte reciente de la investigación en Francia*, Bilbao, Artezblai

Referencias complementarias

- Benhamou, Anne-Françoise (2012): *Dramaturgies de plateau*, Besançon, Les Solitaires Intempestifs.
- Danan, Joseph (2012): *Qué es la dramaturgia y otros ensayos*, México, Paso de Gato.
- Pavis, P. (2011): *La puesta en escena contemporánea. Orígenes, tendencias y perspectivas*, Universidad de Murcia.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

Esta guía pode ser sometida a variacións en función de acordos tomados en común entre as partes.

A falta de asistencia a clase de máis do 10% do horario lectivo da materia suporá a perda da avaliación continua.

Todo retraso na hora de entrada na aula será contabilizado tamén como falta de asistencia.

Xa que a lingua na que se deberán desenvolver todas as actividades da materia será a lingua galega, o alumnado con dificultades deberá recorrer ás titorías para que o docente lle indique as pautas a seguir de cara ao axeitado aproveitamento do curso.

Para a asistencia a titorías débese falar previamente co docente co fin de pactar o día e a hora do encontro. Tamén se pode concertar a titoría enviando unha petición ao profesor por correo electrónico. Será resposta tamén por correo electrónico, indicándose o día e a hora da titoría.

O texto escollido a traballar na disciplina será pactado cos docentes. En ningún caso se aceptará un traballo que non cumpra este requisito. Para superar a materia hai que aprobar todos os apartados da avaliación. O alumnado que se presente aos exames das convocatorias ordinaria ou extraordinaria deberá contactar previamente co docente da materia, co fin de poder organizar a sesión debidamente e acordar os traballos a presentar.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

ACTIVIDADE 1: Análise dramaturxica da peza a escenificar

Competencias: T8, T13, X1, X6, ED1, ED5, Ponderación: 40%

ACTIVIDADE 2: Proposta dramaturxica e de escenificación (Caderno de escenificación)

Competencias: T9, T13, T17, X3, X5, X7, ED1, ED2, ED3 Ponderación: 60%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).